



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

Informe climatolóxico ano 2016

INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2016



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	DESCRINCIÓN DO ANO 2016 EN GALICIA POR MES.	2
2.1.	Xaneiro	2
2.2.	Febreiro	3
2.3.	Marzo	3
2.4.	Abril	4
2.5.	Maio	4
2.6.	Xuño	5
2.7.	Xullo	5
2.8.	Agosto	5
2.9.	Setembro	6
2.10.	Outubro	6
2.11.	Novembro	6
2.12.	Decembro	7
3	DESCRINCIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2016 EN GALICIA	7
3.1.	Temperatura	7
3.2.	Precipitación	9
4	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2016 EN GALICIA	12
4.1.	Temperatura	19
4.2.	Precipitación	22
5	Evolución histórica da temperatura e precipitación.	26
5.1.	Evolución da temperatura media por mes	27
5.2.	Precipitación	28
5.3.	Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas	29
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)	30

➤ Data edición: 24/01/2017



Ano cálido considerando a temperatura media, 0.4 °C por riba do valor medio da serie 1981-2010. En canto á precipitación, ano húmido, un 16% superior ao valor normal do período 1981-2010, aínda que desigualmente distribuída o longo do ano.

1 INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2016. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 11 estacións para a temperatura e 16 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.

2 DESCRICIÓN DO ANO 2016 EN GALICIA POR MES.

2.1. Xaneiro

O mes de xaneiro estivo caracterizado por un primeiro período de inestabilidade atmosférica, no que unha continua chegada de borrascas profundas dende o Atlántico deixou grandes cantidades de chuvia, e unha segunda metade con temperaturas elevadas que foi algo máis estable. A chuvia rexistrada acadou cantidades moi elevadas, provocando inundacións, por acumulación, xa que durante moitas xornadas eran moi poucos os momentos nos que non chovía. As anomalías de presión evidencian claramente que as borrascas que afectaron a Galicia foron máis profundas do habitual, con fronteas asociadas que deixaron importantes cantidades de chuvia. A porcentaxe de precipitación foi 142% por riba do normal, polo que resultou extremadamente húmido con respecto ao período de referencia 1981-2010. O número



de días de chuvia foi moi elevado, cun valor medio de 21.6, pero nalgunhas localidades mesmo se chegou aos 25 días.

As entradas de aire cálido procedente do norte de África explican as elevadas temperaturas rexistradas en varios días da segunda quincena do mes (preto de 20°C). A temperatura media da serie rexional correspondente a este mes foi de 9.7 °C, cunha anomalía positiva de 1.7 °C, co que o mes resultou extremadamente cálido.

En canto ao vento, houbo moitas xornadas, principalmente na primeira metade do mes, nas que se superaron os 100 km/h.

2.2. Febreiro

A chegada continua de importantes borrascas continuou durante este mes, o que novamente ocasionou inundacións en numerosas localidades de Galicia. Estas borrascas de procedencia Atlántica, moi profundas e activas, alimentadas con humidade por ríos atmosféricos, deixaron xornadas de chuvias intensas e escasa oscilación térmica. Isto último deu lugar a mínimas moi altas para a época do ano (non houbo apenas días de xeadas) e as máximas, pola contra, quedaron moi por debaixo dos valores normais. Cabe destacar os días 12 e 13, onde a configuración dun río atmosférico acompañado por unha fronte moi activa deixou valores de precipitación que superaron os 100 L/m² en 24 horas. Ademais, na tarde entre os días 14 e 15, houbo un importante temporal marítimo que deu lugar a unha alerta vermella por ondas e fortes nevaradas, acumulándose cantidades significativas de neve por riba dos 1000 m de altura. O valor medio de temperatura para a serie rexional galega foi de 8.8 °C, resultando un mes normal. O número medio de días de chuvia foi de 16.6 e a porcentaxe de precipitación foi dun 136% por riba do normal, polo que febreiro considérase un mes extremadamente húmido. Principalmente entre as xornadas do 8 e o 11, rexistráronse en moitas estacións refachos de vento que superaron os 100 km/h.

2.3. Marzo

O achegamento de borrascas e a frecuente entrada de masas de aire frío procedentes do Atlántico norte, explica que marzo se considere un mes moi frío e húmido. Houbo ata nove xornadas nas que a neve foi a protagonista, con grandes acumulacións e presenza por debaixo dos 1000 m. O evento meteorolóxico máis destacado tivo lugar entre o 29 e o 30 de marzo, co achegamento dunha fronte moi activa estacionaria a lo menos durante 24 h sobre o noroeste



galego, que deu lugar a importantes acumulacións de chuvia. Isto ocasionou asolagamentos en diferentes puntos da provincia de A Coruña. Neste mes o valor medio de temperatura foi de 9.6 °C, cunha anomalía negativa de -1.2 °C, resultando o marzo máis frío nos últimos trinta anos, aínda que seguido moi de preto polo ano 2004. En canto á precipitación, rexistrouse un 80% máis da propia deste mes. Asemade, o número de días de chuvia foi de 15.9. En canto ao vento, nas xornadas do 26 e o 27 houbo en localidades pertencentes as catro provincias, ventos moi fortes que nalgúns casos superaron os 100 km/h.

2.4. Abril

O mes de abril tamén se caracterizou como frío e moi húmido, pola chegada máis frecuente do normal de borrascas con aire frío. Neste mes cómpre destacar a xornada do día 9 na que unha borrasca procedente do sur de Islandia e con moito aire frío, deixou un período ininterrompido de chuvias xeneralizadas durante 8 xornadas consecutivas, acompañadas nalgúns casos de aparato eléctrico, e temperaturas moi baixas para a época do ano. Así, na xornada do 10, a máis fría do mes, en moitas localidades de Galicia non se acadaron os 10 °C de temperatura máxima. O valor medio de temperatura para a serie rexional foi de 11.1 °C, cunha anomalía con respecto ao período 1981-2010 de -0.8 °C. O número medio de días de chuvia para Galicia foi de 15.1. A precipitación foi dun 41% por riba do normal. Na xornada do 10 tamén se rexistraron fortes ventos que nalgunhas localidades superaron os 100 km/h.

2.5. Maio

Maio caracterizouse pola alternancia entre períodos anticiclónicos estables e a chegada de borrascas profundas, con centros próximos a Galicia, que deixaron considerables cantidades de precipitación. Por este motivo, as temperaturas non presentaron anomalías importantes.

O mes comezou cunha situación anticiclónica. Os días 3 e 4 nalgúns puntos do interior superáronse os 30 °C. Entre o 7 e o 13 unha borrasca illada e estacionaria deixou chuvias xeneralizadas e temperaturas baixas para a época do ano. Dende o día 20 ata finais do mes, o tempo, propio da primavera, foi moi variable.

O valor medio de temperatura foi de 14.4 °C cunha anomalía de 0.2 °C, polo que maio pódese considerar normal. A porcentaxe de precipitación estivo un 51% por riba do agardado (mes húmido) e o número de días de chuvia foi de 15.7.



2.6. Xuño

Xuño foi un mes moi típico, de transición entre un tempo caracterizado pola habitual presenza de borrascas a outro principalmente anticiclónico. A chegada da derradeira borrasca intensa a mediados de mes e os dous períodos anticiclónicos a principios e finais do mes, con elevadas temperaturas, fixo que as anomalías tanto de precipitación como de temperatura fosen normais. O valor medio de temperatura foi de 17.8 °C, coincidente co valor medio do período 1981-2010. O número medio de días de chuvia foi de 6.8 e acadouse o 100% de precipitación para un mes de xuño, polo que se considera normal.

2.7. Xullo

Durante este mes destacou o predominio das condicións anticiclónicas, no que o centro do anticiclón estivo movéndose entre os Azores e o norte da península Ibérica. Así, houbo moitas xornadas con aire procedente do sur. Esta configuración sinóptica impedía o achegamento de fronteas e ademais as temperaturas eran elevadas en xeral. Houbo xornadas, como a do 18, nas que en moitas localidades se superaron os 40 °C, pero o máis salientable foi a presenza de días nos que as mínimas nocturnas non baixaron dos 20 °C, dando lugar o que se denominan noites tropicais. O mes considérase moi cálido, cunha anomalía positiva de 1.52 °C e unha temperatura media de 21.2 °C. O número medio de días de chuvia foi de 1.2 e o valor medio de precipitación con tan só 3 L/m² (un 91% inferior ao normal). Este xullo foi o máis seco dende 1986.

2.8. Agosto

Aínda que no mes de agosto proseguíu o tempo anticiclónico e polo tanto seco, solleiro e con elevadas temperaturas, a entrada de aire frío na derradeira semana do mes, deu lugar a fenómenos treboentos que deixaron en puntos moi localizados chuvascos de moita importancia. Polo que aínda que o mes en xeral se considera seco, esta categoría non se pode aplicar de forma homoxénea a toda a Comunidade. Este mes rexistráronse 8777 raios en Galicia, principalmente na provincia de Lugo, isto supón unha cantidade de raios maior que a suma dos raios dos agostos dos últimos 6 anos. Destaca a xornada do día 24, na que se rexistraron 6359 raios, resultando ser o terceiro día no que máis raios se detectaron na nosa rede, que empezou a rexistrar no 2010.



A temperatura media foi de 21.2 °C, cunha anomalía de 1.3 °C, co que o mes considerouse moi cálido. Pero compre destacar aquí a anomalía da temperatura máxima media para a serie rexional que con 2.55 °C, acadou o rexistro máximo histórico da serie xunto co ano 2003. A porcentaxe de precipitación foi un 56% por debaixo do normal, considerándose este mes seco.

2.9. Setembro

Setembro considerouse normal en canto á precipitación, pero distribuída de forma irregular. Tan só houbo dous episodios de chuvia, un a mediados e outro a finais de mes, con cantidades significativas e que compensaron o resto do mes. O principal predominio foi anticiclónico. En canto ás temperaturas, destaca a xornada do 6 de setembro, na que un centro de baixas presións no Atlántico achegou aire cálido a Galicia e en moitos lugares superáronse os 40 °C, constituíndo o valor máximo histórico en moitos puntos, como no caso de Santiago de Compostela. A temperatura media foi de 18.7 °C, cunha anomalía de 0.7 °C, debida principalmente ás máximas e que fai que o mes se considere cálido.

A pesares de que o número medio de días de chuvia foi de 5.2, a cantidade de precipitación só estivo un 10 % por debaixo do valor agardado.

2.10. Outubro

Novamente o destacable foi a persistencia das situacións anticiclónicas, con tan só dous períodos de chuvia no medio do mes. Isto deu lugar a un mes cun significativo déficit pluviométrico e con temperaturas que, en media, estiveron por riba das habituais. Destaca o período entre o 26 e o 31, no que un potente anticiclón ao norte da península Ibérica, achegou aire cálido do norte de África. Isto deu lugar a que as temperaturas rexistrasen valores por riba dos 25 °C na meirande parte de Galicia. A temperatura media da serie rexional foi de 15.6 °C, cunha anomalía positiva de 1.16 °C, resultando un mes moi cálido. Os escasos episodios de precipitación fixeron que a precipitación estivese un 64% por debaixo do normal (mes moi seco).

2.11. Novembro

Neste mes, os períodos secos e fríos foron alternando con outros de chuvia e temperaturas máis cálidas. Isto fixo que tanto a chuvia acumulada como o número de días de chuvia acadasen valores moi preto dos normais para esta época do ano. É destacable que foi neste mes cando se produciron as primeiras nevaradas do outono, con 10 xornadas nas que nevou nalgunha



localidade de Galicia. A máis destacable foi a do día 24, na que foron intensas e afectaron a máis localidades que as habituais para un mes de novembro. A temperatura media do mes para Galicia foi de 10.3°C, cunha anomalía de -0.56 °C, co que poderíase dicir que o mes resultou lixeiramente frío. A porcentaxe de precipitación foi dun 14% por debaixo do normal.

2.12. Decembro

Decembro é un mes que soe caracterizarse por abundantes precipitacións, xunto con novembro e xaneiro. Sen embargo este ano 2016 destacou por ser moi seco e sobre todo polo escaso número de días de chuvia, que en moitas localidades acadou o valor mínimo histórico da serie. Isto debeuse a persistencia dos períodos anticiclónicos que impediron día tras día a chegada a Galicia de borrascas e sistemas frontais. Os ceos despexados fixeron que houbera varios episodios de fortes xeadas, con acusadas inversións térmicas, principalmente nas últimas xornadas do ano. A temperatura media para a serie rexional foi de 9.7 °C, cunha anomalía de 1.0°C, á que contribuíron principalmente as máximas. Isto fixo que o mes se caracterizase, dependendo das zonas, como cálido ou moi cálido. A porcentaxe de precipitación foi un 78% por debaixo do normal, co cal tivemos o decembro máis seco dende 2001.

3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2016 EN GALICIA

3.1. Temperatura.

Neste documento vanse tomar os criterios da Táboa 1 para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentís obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais o longo do ano 2016.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	<mínimo (1981-2010)
moi frío	Entre mínimo (81-10) e 20%
frío	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
cálido	Entre 60% e 80%
moi cálido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente cálido	>máximo (1981-2010)

Táboa 1: Descrición das temperaturas en función dos percentís da serie 1981-2010.



En canto á temperatura, o mes de xaneiro do ano 2016 resultou extremadamente cálido, debido principalmente á segunda quincena do mes, na que os episodios de aire relativamente quente procedentes do sur deixaron máximas e mínimas elevadas.

Febreiro foi normal, con períodos de escasa oscilación térmica, o que provocou mínimas por riba do normal e máximas por debaixo.

Seguiu un mes de marzo moi frío, no que destacaron as frecuentes entradas de aire procedente do Atlántico norte, con temperaturas diúrnas baixas e a escaseza de episodios anticiclónicos.

Abril tamén foi frío debido a que os dous períodos anticiclónicos tiñan asociados ventos de compoñente norte e a isto uniuse que os períodos borrascosos tamén foron fríos.

Esta tendencia rómpese no mes de maio, no que se rexistraron temperaturas moi próximas aos valores climáticos normais.

Xuño tamén foi normal, grazas a que os períodos máis fríos de mediados de mes neutralizáronse cos valores que deixaron os anticiclóns de principios e finais de mes.

Xullo presentou máximas e mínimas moi por riba do normal co que o mes resultou moi cálido.

A persistencia anticiclónica e a chegada de masas de aire cálido africano fixo de agosto un mes moi cálido, cun episodio de temperaturas de máis de 40°C nalgúns puntos e noites tropicais.

As máximas destacaron nun mes de setembro cálido, no que ademais apenas houbo días de frío (temperatura mínima <7°C).

Novamente as máximas foron moi notables en outubro, que resultou moi cálido, con borrascas pouco frías e anticiclóns que achegaron aire cálido a Galicia. Novembro foi lixeiramente frío e nel tiveron lugar as primeiras nevaradas do outono.

Por último, decembro resultou cálido debido principalmente as máximas. O mes foi anormalmente anticiclónico, o que propiciou máximas elevadas e mínimas moi baixas nas noites despexadas. Destacan as acusadas inversións térmicas rexistradas nos derradeiros días do ano e as fortes xeadas.



Na Táboa 2 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Categorización das distintas temperaturas mensuais do ano 2016			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	Cálido
febreiro	moi cálido	normal	frío
marzo	frío	moi frío	moi frío
abril	frío	frío	frío
maio	normal	normal	normal
xuño	cálido	normal	normal
xullo	moi cálido	moi cálido	moi cálido
agosto	normal	moi cálido	moi cálido
setembro	normal	cálido	moi cálido
outubro	cálido	moi cálido	moi cálido
novembro	frío	normal	normal
decembro	cálido	cálido	moi cálido

Táboa 2: Descrición das temperaturas con respecto ao período de referencia 1981-2010.

3.2. Precipitación.

No caso da precipitación e ao igual que na temperatura, empregaranse os percentís obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais o longo do ano 2016.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	<mínimo (1981-2010)
moi seco	Entre mínimo (81-10) e 20%
seco	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
húmido	Entre 60% e 80%
moi húmido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente húmido	>máximo (1981-2010)

Táboa 3: Descrición da precipitación acumulada en función dos percentís con respecto ao período de referencia 1981-2010.



En xaneiro superouse o valor máximo do período 1981-2010, resultando polo tanto un mes extremadamente húmido. Isto debeuse ao continuo achegamento de borrascas moi activas con ríos atmosféricos asociados na primeira metade do mes.

O mesmo ocorreu no mes de febreiro, no que houbo un episodio entre os días 7 e 15 de borrascas moi activas que deixaron cuantiosas cantidades de precipitación.

Marzo foi moi húmido en xeral en toda a Comunidade.

Abril, dependendo das zonas, húmido ou moi húmido, onde as precipitacións máis importantes acadáronse no período do 9 ao 16 deste mes.

A mesma tónica deuse no mes de maio, no que un centro de baixas presións cuasiestacionario afectou durante practicamente 7 días a Galicia, ademais doutras borrascas que tamén deixaron importantes valores de precipitación.

A normalidade acadouse no mes de xuño, con precipitacións principalmente de tipo convectivo e cunha distribución moi heteroxénea, compensándose rexións húmidas con outras que resultaron secas.

Xullo resultou moi seco debido a imposibilidade de achegamento de ningunha fronte pola persistencia anticiclónica. As chuvias rexistradas tiveron carácter convectivo pola entrada de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera.

Agosto tamén foi seco, co paso dunha soa fronte que deixou chuvias xeneralizadas. Destacan as treboadas da segunda quincena do mes que afectaron principalmente á Ribeira Sacra e que causaron danos importantes por pedrazo.

Setembro resultou normal, pero cun destacado escaso número de días de chuvia. Así, tres xornadas foron suficientes para acadar os valores normais de precipitación.

Outubro foi moi seco, con tan só tres borrascas que non deixaron chuvias cuantiosas.

Novembro resultou normal, tanto en número de días de chuvia como en precipitación acumulada.

Decembro foi moi seco, destacando o escaso número de días de chuvia, que nalgúns localidades acadou os valores mínimos históricos para este mes.



Na Táboa 4 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

Resumo mensual de precipitación	
Mes	Precipitación
xaneiro	extremadamente húmido
febreiro	extremadamente húmido
marzo	húmido
abril	moi húmido
maio	moi húmido
xuño	normal
xullo	moi seco
agosto	seco
setembro	normal
outubro	moi seco
novembro	normal
decembro	moi seco

Táboa 4: Descrición da precipitación con respecto ao período de referencia 1981-2010.

En cuanto as precipitacións en forma de neve, durante o ano 2016 houbo 75 xornadas nas que **nevou** en algunha localidade de Galicia.



4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2016 EN GALICIA

A continuación, na táboa 2, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia no ano 2016 con valores por riba dos 30°C. As temperaturas máximas medias foron moi elevadas principalmente no mes de agosto dun xeito moi xeral en toda Galicia, se ben nas zonas máis costeiras foi xullo máis significativo. Pero é importante destacar aquí que en moitas das estacións, case coa mesma frecuencia que os meses de agosto e xullo, no mes de setembro rexistráronse valores de temperatura media máxima por riba dos 30 °C.

Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	35.5	agosto
Remuíño	Arnoia	Ourense	35.1	agosto
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	34.2	xullo
A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	33.7	agosto
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	33.5	agosto
Ourense	Ourense	Ourense	33.5	agosto
Prado	Castrelo de Miño	Ourense	33.3	agosto
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	32.8	agosto
Verín-Vilela	Verín	Ourense	32.8	agosto
Monforte	Monforte de Lemos	Lugo	32.8	agosto
Verín-Vilela	Verín	Ourense	32.7	xullo
As Petarelas	Rubiá	Ourense	32.5	agosto
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	32.4	xullo
Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	32.4	agosto
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	32.2	agosto
Areas	Tui	Pontevedra	32.1	xullo
Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	32.1	agosto
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	32.0	xullo
Larouco	Larouco	Ourense	31.9	agosto
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	31.8	xullo
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	31.8	xullo
Laza	Laza	Ourense	31.8	agosto
Xabrega	Sober	Lugo	31.1	agosto



Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Bóveda	Bóveda	Lugo	30.7	agosto
Morelle	Sarria	Lugo	30.6	agosto
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	30.5	agosto
Pazo de Fontefiz	Coles	Ourense	30.5	agosto
Entrimo	Entrimo	Ourense	30.4	agosto
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	30.4	agosto
Riós	Riós	Ourense	30.3	agosto
O Viso	Redondela	Pontevedra	30.3	xullo
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	30.3	xullo
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	30.2	agosto
Gandarela	Celanova	Ourense	30.2	agosto
Conchada	Quiroga	Lugo	30.0	agosto

Táboa 2: Temperaturas máximas medias máis altas ano 2016.

Na táboa 3, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia ca media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. Febreiro foi con diferenza o mes máis frío para esta variable e, como é normal para esta época do ano, foron as zonas máis altas as que rexistraron as máximas máis baixas.

Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	2.7	marzo
Xares	A Veiga	Ourense	2.9	febreiro
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	3.5	febreiro
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.1	febreiro
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.5	febreiro
Ancares	Cervantes	Lugo	4.6	febreiro
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	5.4	febreiro
Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	6.4	febreiro
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	6.4	febreiro
Corzos	A Veiga	Ourense	6.4	febreiro
Alto de Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	6.4	febreiro
Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	6.7	febreiro



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	7.0	febreiro
Fontaneira	Baleira	Lugo	7.2	febreiro
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	7.2	xaneiro
Alto do Faro	Chantada	Lugo	7.3	febreiro
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	7.6	febreiro
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	7.6	xaneiro
Xurés	Muiños	Ourense	8.0	xaneiro
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	8.1	febreiro
Corno do Boi	Friol	Lugo	8.2	febreiro
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	8.2	febreiro
Guitiriz-Mirador	Guitiriz	Lugo	8.3	febreiro
Labrada	Abadín	Lugo	8.3	febreiro
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	8.4	febreiro
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	8.4	febreiro
Abradelo	Samos	Lugo	8.5	febreiro
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	8.5	febreiro
Fontaneira	Forcarei	Pontevedra	8.6	febreiro
Courel	Folgoso	Lugo	8.6	febreiro
Muralla	Lousame	A Coruña	8.7	febreiro
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	8.8	febreiro
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	8.9	febreiro
Pol	Pol	Lugo	8.9	febreiro
A Trabe	Vilardevos	Ourense	9.0	xaneiro
Río do Sol	Coristanco	A Coruña	9.1	febreiro
Riós	Riós	Ourense	9.1	xaneiro
Fragavella	Abadín	Lugo	9.1	febreiro
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	9.2	marzo
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	9.4	xaneiro
Olveda	Antas de Ulla	Lugo	9.4	febreiro
Pereira	Forcarei	Pontevedra	9.5	xaneiro
Marroxo	Monforte	Lugo	9.6	febreiro
Baltar	Baltar	Ourense	9.7	febreiro
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	9.8	febreiro
Conchada	Quiroga	Lugo	9.9	febreiro
Entrimo	Entrimo	Ourense	9.9	febreiro

Táboa 3: Temperaturas máximas medias máis baixas no ano 2016.



Nas táboas 4 e 5 indícanse as medias das temperaturas mínimas con valores por debaixo dos 2°C e que tiveron valores por encima dos 15°C respectivamente, rexistradas na rede de estacións xestionadas por MeteoGalicia. Aínda que febreiro foi frío principalmente nas zonas de maior altitude de Galicia, cabe destacar o mes de marzo, que tivo mínimas medias por debaixo dos 2°C en diversas localidades.

Temperaturas mínimas medias por debaixo de 2°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-2.7	febreiro
Xares	A Veiga	Ourense	-2.7	marzo
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-2.0	febreiro
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-1.5	decembro
Corzos	A Veiga	Ourense	-1.0	marzo
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.0	marzo
Ancares	Cervantes	Lugo	-0.7	febreiro
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-0.6	febreiro
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-0.1	febreiro
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-0.1	febreiro
Baltar	Baltar	Ourense	0.1	marzo
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	0.1	marzo
Verín-Vilela	Verín	Ourense	0.3	decembro
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.3	febreiro
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	0.6	decembro
Morelle	Sarria	Lugo	0.7	decembro
San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	0.7	marzo
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	0.8	marzo
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	0.9	marzo
Lanzós	Vilalba	Lugo	1.0	decembro
Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	1.3	marzo
Alto de Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	1.3	marzo
Riós	Riós	Ourense	1.3	marzo
Fontaneira	Baleira	Lugo	1.5	marzo
Xurés	Muiños	Ourense	1.6	febreiro
Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	1.7	febreiro
Alto do Faro	Chantada	Lugo	1.7	marzo



Temperaturas mínimas medias por debaixo de 2°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	1.7	marzo
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	1.7	marzo
Courel	Folgozo	Lugo	1.7	marzo
Abradelo	Samos	Lugo	1.8	marzo
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	1.9	marzo

Táboa 4: Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2016.

Considerando o limiar dos 15°C, aquelas estacións situadas no litoral, onde o mar exerce un gran poder suavizante sobre as temperaturas, son as que acadaron os valores máis elevados de temperatura mínima media, principalmente no mes de xullo.

Temperaturas mínimas medias por enriba dos 15°C na rede de estacións de MeteGalicia				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	18.0	xullo
Vigo	Vigo	Pontevedra	17.2	xullo
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	17.0	xullo
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	16.9	agosto
Sálvora	Ribeira	A Coruña	16.9	xullo
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	16.8	xullo
Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	16.7	xullo
A Coruña-Torre de Hércules	A Coruña	A Coruña	16.7	xullo
Cariño	Cariño	A Coruña	16.7	xullo
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	16.55	xullo
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	16.55	agosto
Corrubedo	Ribeira	A Coruña	16.48	xullo
Lira	Carnota	A Coruña	16.42	xullo
Coruña-Dique	A Coruña	A Coruña	16.32	xullo
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	16.28	agosto
As Eiras	O Rosal	Pontevedra	16.28	xullo
Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	16.27	xullo
Camariñas	Camariñas	A Coruña	16.25	xullo
Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	16.22	xullo
Cespón	Boiro	A Coruña	16.21	xullo
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	16.2	xullo



Temperaturas mínimas medias por enriba dos 15°C na rede de estacións de MeteoGalicia				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	16.2	xullo
CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	16.12	xullo
Pé Redondo	Meis	Pontevedra	16.11	xullo
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	16.08	agosto
A Lanzada	O Grove	Pontevedra	16.08	xullo
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	16.01	xullo
Ons	Bueu	Pontevedra	15.94	xullo
Areiro	Pontevedra	Pontevedra	15.92	xullo
Areas	Tui	Pontevedra	15.91	xullo
Coruña-Dique	A Coruña	A Coruña	15.89	agosto
Soutomaíor	Soutomaíor	Pontevedra	15.82	xullo
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	15.82	xullo
Torrequeintás	Meis	Pontevedra	15.79	xullo
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	15.77	xullo
Castrove	Poio	Pontevedra	15.77	agosto
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	15.59	xullo
Guísamo	Bergondo	A Coruña	15.52	xullo
Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	15.48	xullo
O Val	Narón	A Coruña	15.45	xullo
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	15.43	xullo
Lesende	Lousame	A Coruña	15.31	xullo
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	15.29	agosto
Ourense	Ourense	Ourense	15.15	xullo
Malpica	Malpica	A Coruña	15.09	agosto
Foz	Foz	Lugo	14.96	xullo
Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	14.95	xullo

Táboa 5: Temperaturas mínimas medias máis altas no ano 2016.

Nas táboas 6 e 7 indícanse as temperaturas máximas absolutas máis altas e mínimas absolutas máis baixas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia. Os valores máis altos de temperatura acadáronse nas xornadas do 7 de agosto, no que moitas localidades de todas as provincias, rexistraron valores de temperatura máxima por riba dos 40°C.



Temperaturas máximas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	44.2	07/08/2016
Remuíño	Arnoia	Ourense	42.5	07/08/2016
Areas	Tui	Pontevedra	42.3	07/08/2016
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	42.3	07/08/2016
A Granxa	Pontearreas	Pontevedra	41.9	07/08/2016
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	41.9	06/09/2016
Ourense	Ourense	Ourense	41.6	06/09/2016
O Viso	Redondela	Pontevedra	41.4	07/08/2016
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	41.3	07/08/2016
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	41.3	07/08/2016

Táboa 6: Temperaturas máximas absolutas no ano 2016.

En canto ás mínimas absolutas, na táboa 7 poden verse os valores rexistrados ao longo de 2016. A xornada do 16 de febreiro foi unha das máis frías do ano, seguidas moi de preto polas últimas xornadas de decembro.

Temperaturas mínimas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-9.8	16/02/2016
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-9.2	16/02/2016
Corzos	A Veiga	Ourense	-8.9	16/02/2016
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-8.9	31/12/2016
Xares	A Veiga	Ourense	-8.6	16/02/2016
Verín-Vilela	Verín	Ourense	-7.5	31/12/2016
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-7.3	16/02/2016
Morelle	Sarria	Lugo	-7.1	31/12/2016
Lanzós	Vilalba	Lugo	-7.0	31/12/2016
Baltar	Baltar	Ourense	-6.8	26/12/2016

Táboa 7: Temperaturas mínimas máis baixas no ano 2016.



Na táboa 8 móstrase a temperatura media do 2016 con respecto aos tres períodos de referencia: 1961-1990, 1971-2000 e 1981-2010.

Temperatura media anual (°C)			
2016	1961-1990	1971-2000	1981-2010
14.0	13.4	13.3	13.6

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media anual e a media climática galega.

A temperatura media do ano 2016 foi 0.6°C superior ao valor medio 1961-1990, foi de 0.7°C superior respecto ao período 1971-2000, foi 0.4°C superior ao valor medio 1981-2010.

4.1. Temperatura.

Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o ano 2016. Como se pode apreciar, os valores máis baixos de temperatura acadáronse nas rexións situadas a unha maior altitude. Así, no macizo de Manzaneda, e zona de Pena Trevinca a temperatura acadou valores medios próximos aos 6.0°C. As temperaturas máis altas déronse principalmente nas Rías Baixas, pero tamén, foron elevadas no resto do litoral galego, con valores entorno aos 16.5°C. No interior as temperaturas medias, salvo pequenas excepcións foron bastante suaves, con valores comprendidos entre os 8°C no lugares máis fríos e superiores aos 15 °C no curso do Miño ourensá e o Sil.




Figura 1: Temperatura media ano 2016.

Na figura 2, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1981-2010. A anomalía media 2016 respecto á media climática segundo o mapa foi de 0.4°C, con algunhas zonas máis cálidas moi distribuídas polo territorio, chegándose nalgúns locais a anomalías de 1.5°C, outras zonas quedaron moi preto da normalidade. En conxunto e segundo os valores da táboa 1, o 2016 pode considerarse cálido.




Figura 2: Mapa de anomalías de temperatura no ano 2016 con respecto ao período 1981-2010.



4.2. Precipitación.

Na táboa 9 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados no ano 2016. Foron concellos de Pontevedra e da Coruña onde en xeral se acadaron os máximos pluviométricos, nos que Fornelos de Montes foi a estación que rexistrou máis precipitación con 3078 L/m².

Precipitación máxima anual no 2016			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	3078
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	2708
Pereira	Forcarei	Pontevedra	2619
Muralla	Lousame	A Coruña	2483
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	2451
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	2443
A Capela	A Capela	A Coruña	2399
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	2344
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	2326
Cespón	Boiro	A Coruña	2325

Táboa 9: Valores máximos de precipitación acumulada no ano 2016.

Na táboa 10 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados no 2016. As zonas do interior da provincia de Ourense e do sur da provincia de Lugo, tiveron os rexistros máis baixos anuais de precipitación neste 2016, pero cabe destacar que con respecto ao ano pasado estes valores foron máis altos, moi próximos aos 1000 L/m².

Precipitación mínima anual no 2016			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Larouco	Larouco	Ourense	814
Verín-Vilela	Verín	Ourense	834
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	847
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	907
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	922
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	956
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	966
Ourense	Ourense	Ourense	968
Marroxo	Monforte	Lugo	978
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	990

Táboa 10: Valores mínimos de precipitación acumulada no ano 2016.



Na táboa 11 preséntanse os valores máis altos de precipitación diaria. Destacan especialmente dúas xornadas, a do 12 de febreiro e o 7 de xaneiro. As estacións de Fornelos e Fontecada rexistraron valores de precipitación diaria superior aos 100 L/m², en máis de unha ocasión. Estas chuvias, por acumulación, durante varios días progresivos, deron lugar a moitas inundacións en Galicia.

Precipitación máxima diaria no 2016				
Estación	Provincia	Concello	PP (L/m ²)	Data
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	179	12/02/2016
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	144	12/02/2016
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	142	07/01/2016
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	139	12/02/2016
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	137	12/02/2016
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	129	12/02/2016
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	124	12/02/2016
Pereira	Forcarei	Pontevedra	122	07/01/2016
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	117	07/01/2016
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	116	12/02/2016
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	113	12/02/2016
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	107	12/02/2016
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	106	12/02/2016
Rus	Carballo	A Coruña	103	30/03/2016
Courel	Folgoso	Lugo	102	12/02/2016
Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	102	12/02/2016
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	102	12/02/2016
Xurés	Muíños	Ourense	100	12/02/2016
Muralla	Lousame	A Coruña	100	07/01/2016

Táboa 11: Precipitación máxima diaria no ano 2016

Na táboa 12 pode verse o acumulado medio obtido das estacións que compoñen a serie rexional e os valores medios do período 1961-1990, 1971-2000 e do período 1981-2010.

Precipitación acumulada anual (L/m ²)			
2016	1961-1990	1971-2000	1981-2010
1486	1337	1329	1299

Táboa 12: Comparación entre a precipitación acumulada no ano 2016 e os valores climáticos.



Como se pode ver na figura 3, os rexistros máis elevados de chuvia corresponden á Terra de Xallas, o Barbanza e practicamente todo o interior da provincia de Pontevedra. Destacan tamén os elevados rexistros de precipitación que se observan nas serras setentrionais do Xistral e Faladoira e tamén o macizo de Manzaneda e Serra do Courel. As zonas de menor precipitación foron principalmente a Comarca de Valdeorras, Monforte de Lemos, Verín e algunhas rexións da provincia de Ourense. Os valores de precipitación oscilan entre os 440 e os 3088 L/m².




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada no ano 2016.



Na figura 4 pode verse a porcentaxe de precipitación rexistrada con respecto á media climática, sempre con período de referencia 1981-2010. Segundo os valores do mapa a porcentaxe de precipitación con respecto ao valor normal do período de referencia 1981-2010 é un 11% superior ao agardado, o que indica que este ano foi moi húmido segundo os criterios da Táboa 3. Os valores máis baixos correspóndense ás Comarcas do Valdeorras e o Macizo de Manzaneda, próximas a un 30% por debaixo do normal. As porcentaxes máis altas, rexistráronse na Baixa Limia, Nogueira de Muñiz e en Navia de Suarna, con máis do dobre do normal.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no ano 2016.



5 Evolución histórica da temperatura e precipitación.

Para a temperatura, considéranse 11 estacións de referencia para obter os valores medios. Na seguinte figura, obsérvase que no ano 2016 a temperatura media (14.0°C) estivo por encima do valor climático agardado, con unha anomalía de case +0.4 °C e polo tanto, cabe ser cualificado como cálido preto do limiar de moi cálido.




Figura 5: Evolución da temperatura media anual ó longo do período 1961-2016.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura media anual, respecto ó período 1981-2010.



5.1. Evolución da temperatura media por mes

Na figura 7 móstrase a temperatura por mes. Compáranse os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 co valor climático do período 1981-2010. Destaca especialmente o segundo semestre do ano, no que as temperaturas medias, foron superiores aos valores climáticos. Sen embargo, xuño, novembro e decembro, foron superados amplamente polo ano 2015.




Figura 7: Temperatura media mensual dos anos 2012 a 2016 e a media 1981-2010.



5.2. Precipitación

A precipitación media rexistrada para a serie rexional foi 1486 L/m² e cos criterios da táboa 3, este ano 2016 encóntrase preto do limiar que separa un ano húmido de moi húmido. A desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 é dun 16 % por riba. Contrasta co 2015, que foi un 25% inferior.




Figura 8: Evolución da precipitación anual ó longo do período 1961-2016.




Figura 9: Evolución da anomalía de precipitación anual, respecto ó período 1971-2000.



5.3. Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas

Na figura 10 móstrase a chuvia rexistrada por mes. Compárase os anos 2012 a 2016 co valor climático do período 1981-2010. En 2016, aínda que os primeiros meses do ano foron moi chuviosos, contrasta cos últimos meses do ano, que normalmente son chuviosos, e nos últimos dous anos non chegaron ao valor climático normal. Aínda así, o ano resultou moi húmido. Na figura 11 pódese ver o diagrama de termohietas. Os meses de xaneiro, febreiro e decembro son os que máis se distancian do valor climático. Xuño foi o mes máis parecido aos valores medios.




Figura 10: Chuvia mensual dos anos 2012 a 2016 e a media 1971-2000.




Figura 11: Diagrama de termohietas.



5.4. Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)

O SPI representa o número de desviacións típicas que un valor concreto de precipitación se separa da media da serie en un determinado intervalo temporal. Este índice permite fixar o comezo e fin dun episodio de seca, así coma a súa intensidade.

Na táboa 13 móstranse as diferentes clases e valores do SPI:

SPI	Clase	Probabilidade Acumulada
$SPI \geq 2.00$	Extremadamente húmido	0.977 - 1.00
$1.50 \leq SPI < 2.00$	Moi húmido	0.933 - 0.977
$1.00 \leq SPI < 1.50$	Moderadamente húmido	0.841 - 0.933
$-1.00 \leq SPI < 1.00$	Normal	0.159 - 0.841
$-1.50 \leq SPI < -1.00$	Moderadamente seco	0.067 - 0.159
$-2.00 \leq SPI < -1.50$	Moi seco	0.023 - 0.067
$SPI < -2.00$	Extremadamente seco	0.000 - 0.023

Táboa 13: Valores do SPI.

Para o cálculo do SPI, considerouse un conxunto de 16 estacións con valores mensuais entre 1961 e 2016.

O índice SPI-12 tén en conta a chuvia acumulada do propio mes e dos 11 meses previos e o SPI-24 do propio mes e dos 23 anteriores. Estes índices de precipitación estandarizada reflicten patróns de precipitación a longo prazo, tendendo a situarse en torno a cero, a menos que se estea a producir unha tendencia húmida ou seca característica, que se asocia xa aos caues fluviais e niveis dos reservorios de auga.

Durante todo o ano 2016 o SPI-12 e o SPI-24 estiveron no rango normal. No caso do SPI-12, o valor máximo acadouse no mes de xuño (0.95), no límite de cualificar ese periodo de 12 meses como “moderadamente húmido”. O ano rematou cun valor de 0.64. No caso do SPI-24, o valor máis baixo rexistrouse no des de decembro (-0.59) e por tanto no rago da normalidade.

Como xa foi indicado anteriormente neste informe, a cantidade de precipitación distribuíuse de xeito moi desigual o longo do ano. No caso de considerar o índice SPI-6 (o cal ten en cuenta a chuvia acumulada en intervalos de 6 meses), vese que oscila entre un valor máximo no mes de xuño de 1.95 -*moi húmido*, considerando a chuvia acumulada desde xaneiro a xuño-, a un valor mínimo de -1.87 no mes de decembro e, polo tanto, o segundo sementre do ano pódese considerar como *moi seco*. Cabe ter en conta que os meses de outubro e decembro son meses



que habitualmente están entre os máis chuviosos do ano e este ano 2016 foron meses moi secos. Na táboa 14 móstranse os valores de chuvia do SPI-6, SPI-12 e SPI-24 para os anos comprendidos no período 2010 ao 2015.

Ano	2012											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	37	12	24	175	100	79	21	34	56	103	165	230
SPI-6	-1.52	-1.97	-2.00	-1.64	-1.65	-1.50	-0.97	-0.06	0.58	-0.47	-0.38	-0.09
SPI-12	-2.37	-2.61	-2.67	-2.29	-2.01	-1.65	-1.61	-1.70	-1.62	-1.8	-1.74	-1.32
SPI-24	-1.49	-1.94	-2.18	-1.95	-1.88	-1.88	-1.86	-1.82	-1.87	-2.29	-2.34	-2.27
Ano	2013											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	266	107	273	114	77	43	22	8	78	251	115	188
SPI-6	0.39	0.2	0.75	0.94	0.94	0.89	0.56	0.84	-0.57	0.3	0.07	0.21
SPI-12	-0.23	0.12	0.84	0.71	0.64	0.52	0.51	0.44	0.54	1.02	0.91	0.87
SPI-24	-1.75	-1.62	-1.04	-0.97	-0.87	-0.75	-0.74	-0.87	-0.77	-0.45	-0.49	-0.26
Ano	2014											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	301	278	101	85	62	51	50	39	96	140	258	63
SPI-6	0.74	1.13	1.02	0.68	0.78	0.88	0.51	-0.50	-0.16	-0.06	0.84	0.12
SPI-12	0.92	1.34	0.76	0.71	0.67	0.68	0.75	0.85	0.96	0.63	1.12	0.8
SPI-24	0.46	1.03	1.17	1.03	0.93	0.85	0.91	0.93	1.09	1.19	1.39	1.1
Ano	2015											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	164	122	48	90	68	12	16	61	81	169	54	98
SPI-6	-0.02	-0.1	-0.41	-0.44	-1.08	-1.00	-1.43	-1.52	-0.71	-0.34	-0.92	-0.87
SPI-12	0.24	-0.33	-0.48	-0.50	-0.48	-0.61	-0.71	-0.64	-0.74	-0.63	-1.54	-1.59
SPI-24	0.76	0.74	0.21	0.16	0.13	0.05	0.04	0.17	0.18	-0.04	-0.2	-0.48
Ano	2016											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	345	274	179	162	142	51	3	17	71	61	142	38
SPI-6	0.19	0.53	0.68	0.82	1.36	1.95	1.52	0.98	0.41	-0.93	-1.31	-1.87
SPI-12	-0.65	-0.03	0.38	0.62	0.85	0.95	0.89	0.78	0.79	0.46	0.77	0.64
SPI-24	-0.32	-0.31	-0.10	0.08	0.28	0.27	0.16	0.11	0.04	-0.17	-0.48	-0.59

Táboa 14: Valores de chuvia, SPI-6, SPI-12 e SPI-24 dos últimos 5 anos.



Nas figuras 12 a 14 pode verse a evolución dos índices SPI-6, SPI-12 e SPI-24 dende 1961.




Figura 12: Evolución do índice SPI-6 dende 1961.




Figura 13: Evolución do índice SPI-12 dende 1961.




Figura 14: Evolución do índice SPI-24 dende 1961.



MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia